

A aula como espazo para a lectura e a creación poética

02.11.2010 'A poesía necesaria' é un manual do escritor Antonio García Teijeiro para mediadores da experiencia literaria e docente

MAR FERNÁNDEZ VÁZQUEZ USC/CIRP

Grazas a Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) a Literatura infantil e xuvenil galega conta dende 2009 co manual divulgativo *A poesía necesaria*, unha obra fundamental para o mediador ante a escaseza destes traballos. Recoméndase por conter teoría e práctica e ser froito de vinte anos como profesor e poeta.

Intertextualidades e homenaxes aos seus poetas admirados amósanse no título, tomado duns versos de Gabriel Celaya, e na reproducción de debuxos dedicados por Rafael Alberti e Luis Eduardo Aute e de citas de escritores e poetas que inflúen na súa poesía.



O escritor vigués Antonio García Teijeiro, autor de 'A poesía necesaria'.

Conta cun capítulo *A xeito de introdución* e dúas partes ben diferenciadas, seguidas dunhas *Chiscadelas poéticas* e a *Bibliografía utilizada*.

Na introdución acolle definicións da poesía, achega a súa: "A poesía é a alma das palabras", e reflexiona sobre a poesía e o uso na aula da lírica de T. S. Eliot, Jorge Luis Borges, Joan Margarit, Octavio Paz e Gabriel Janer Manila. Complétase con fragmentos de prosa poética tomados de Frederick, de Leo Lionni; *Bolboretas*, de Xabier P. Docampo; *Honorato, o rato namorado*, do mesmo García Teijeiro e co minirrelato *O mendigo poeta*, de Víctor González.

Nos oito capítulos da primeira parte reflexiona sobre a importancia da poesía na vida da xente. Así, alude como finalidade da poesía a "forma estética" do alumnado e como desenvolven a "sensibilidade e a capacidade de seguir medrando"; explica o propósito deste manual ante os receos dos mediadores de inserir a poesía na aula e, seguindo a García Montero, destaca como nace a poesía; lembra a xénese do seu primeiro poema; salienta a figura do mediador, un axente "imprescindible" na casa, bibliotecas e escola por posuér competencia literaria e capacidade de contaxiar "emoción poética"; refire que a lírica é precisa na vida cotiá e reivindica crear esa necesidade; recolle tres momentos na lectura poética e achega estratexias lectoras; cita iniciativas para que a poesía entre na aula e dá pasos para esta entrada.

Unha definición da poesía de Paco Ibáñez e unha cita de Gianni Rodari abren os cinco capítulos da segunda parte, na que achega estratexias para traballar a poesía na aula e exemplos feitos co seu alumnado. Refire que a poesía precisa ser importante na aula e na vida e acolle opinións de Berenice Cullinam, Julio Ramón Ribeyro, Enrique Vila -Matas e Orhan Pamuk sobre a escrita; fala do "detonante poético" de Bernardo Carpente como solución ante o papel en branco, do mestrado de Rodari e das correntes formais apuntadas por Blanca-Ana Roig; propón facer a festa da palabra e xogar a crear con distintos recursos; salienta que a poesía está moi presente na nenez, invita a crear versos libres e indica que "filtrar" axuda para que poesía exista na contorna do alumnado e así este a absorba.

caracocha4@yahoo.es